

Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
BUEU

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE BASES DOS PREMIOS DO ENTROIDO DE BUEU 2023

BASES QUE REXERÁN OS PREMIOS CON MOTIVO DO ENTROIDO 2023

1. Obxecto da convocatoria

Regulación dos premios con motivo do Entroido de Bueu do ano 2023.

2. Crédito orzamentario

Destínase un crédito máximo de 6.500,00 € que se imputará á aplicación 334.48100 do orzamento de gastos do ano 2023, para os premios aos participantes nos actos programados con motivo do Entroido de Bueu.

Estes 6.500,00 € distribuiranse segundo os seguintes criterios:

I. Premios por participación nos actos do Entroido:

- 500 € ás comparsas de Bueu que participen nos actos programados ao longo de todo o Entroido.
- 150 € ás agrupacións de Bueu que participen no desfile do Enterriño da Sardiña de Bueu e teñan máis de 15 compoñentes.
- 120 € ás agrupacións que participen no desfile do Enterro do Paxaro de Bueu e teñan máis de 15 compoñentes.

II. Premios Enterro do Paxaro.

Premios ás comparsas de Bueu

- 150 € o 1º Premio
- 100 € o 2º Premio
- 75 € o 3º Premio
- 50 € o 4º Premio



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

Premios ás agrupacións de máis de 15 compoñentes

- 250 € o 1º Premio
- 175 € o 2º Premio
- 100 € o 3º Premio

Premios ás agrupacións de entre 3 e 15 compoñentes

- 100 € o 1º Premio
- 80 € o 2º Premio

Premios ás Parellas

- 100 € o 1º Premio
- 80 € o 2º Premio

Premios Individuais

- 80 € o 1º Premio
- 50 € o 2º Premio

O Xurado poderá deixar os premios desertos.

Sobre as contías destes premios procederase a aplicar os tributos que correspondan. No caso de que sumadas todas as cantidades propostas como subvencións excedan a consignación total, modificaríanse os importes aplicando reducións proporcionais a cada unha delas.

Cun mesmo CIF/NIF non poderán recibir máis dun premio por categoría nin máis dunha subvención por participación.

3. Entes beneficiarios

Serán susceptibles de obter os premios regulados nestas bases as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e sen ánimo de lucro, comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que, aínda que careza de personalidade xurídica, poida levar a cabo as actividades ou proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da presente subvención.

- a) Comparsa: definida como a agrupación musical de máscaras nun número superior a 6 persoas.
- b) Agrupación: definida como grupo de máscaras nun número superior a 3 persoas.
- c) Parella: a agrupación de dúas máscaras



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

d) Individual.

e) Agrupación para o Enterriño da sardiña: definida como grupo de máscaras nun número superior a 3 persoas e constituído na súa maior parte por rapazada.

4. Requisitos dos beneficiarios

As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Ademais deberán participar nos actos programados polo Concello de Bueu ao longo do Entroido.

As agrupacións deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario coma na súa actuación.

Poderase excluír como beneficiarias das axudas reguladas nestas bases a todas aquelas persoas que non acrediten as condicións mínimas esixidas.

As carrozas deberán ter unha altura máxima de 4,50 metros e un ancho máximo de 4,00 metros.

O número máximo de comparsas que participarán no desfile e que poderán recibir os premios virá determinado polo número de participantes no desfile e pola dispoñibilidade do espazo existente para este, e elixiranse por rigorosa orde de solicitude de inscrición no rexistro xeral.

5. Procedemento

5.1.- Para participar nos actos programados para o Entroido é condición imprescindible solicitar a inscrición no rexistro xeral de entrada do Concello (conforme modelo anexo), rúa Eduardo Vincenti, 8 ou a través da sede electrónica do Concello de Bueu.

Para a participación nos premios do desfile do Enterro do Paxaro é imprescindible recoller a credencial na Oficina de Turismo de Bueu (rúa Eduardo Vincenti, 2) dende as 15.30 ata as 16.30 horas do 26 de febreiro de 2023.

O prazo de presentación de solicitudes de participación será ata o xoves 17 de febreiro de 2023. En ningún caso se admitiran solicitudes presentadas fóra de prazo.

No momento de formalizar a inscrición farase constar:

— O nome da comparsa, agrupación, parella ou persoa e a modalidade e desfile na que participa.

— Número de membros que a compoñen. O número máximo que se terá en conta é o que figure na solicitude, salvo que o número de participantes que figure na acta do desfile sexa considerablemente menor.

— Nome, DNI, enderezo e teléfono do representante (de non ser unha asociación constituída).



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

— Nome, CIF, enderezo e teléfono no caso de ser unha asociación legalmente constituída.

O día da celebración dos respectivos desfiles o xurado concederá os premios aos participantes levantando acta do resultado.

5.2.- Para o caso dos premios restantes, o xurado requirirá ao premiado/a a súa identificación, recolléndoa o/a secretario/a do xurado. No caso de que o premiado sexa un/unha menor, identificarase o/a representante legal.

5.3.- O procedemento

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Alcaldía, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.

6. Xurado e criterios

Os xurados dos dous desfiles estarán formados por representantes políticos e de asociacións da vila e actuando como Secretario/a un/unha concelleiro/a do Concello de Bueu.

O xurado aplicará os seguintes criterios de valoración: calidade técnica, calidade artística, impacto visual, creatividade e orixinalidade.

7. Desenvolvemento da actuación

Enterriño da Sardiña

Para poder optar aos premios de agrupacións de Bueu é imprescindible que as agrupacións se inscriban e acompañen o entroido no desfile que comezará o mércores 22 de febreiro ás 17.00 horas.

Comparsas de Bueu

Para poder optar aos premios de Comparsa de Bueu, é imprescindible que as comparsas se inscriban e acompañen o entroido nos actos programados dende o día 18 de febreiro e que rematarán o domingo 26 de febreiro no Desfile do paxaro de Bueu.

Enterro do paxaro

Para poder optar aos premios de agrupacións, Parellas e individual é imprescindible que as estes se inscriban e acompañen o entroido no desfile do Enterro do Paxaro o domingo 26 de febreiro de 2023, que comezará coa concentracións dos/das participantes ás 16.30 na oficina de Turismo de Bueu na rúa Eduardo Vincenti número 2. A credencial recollerase no mesmo punto dende as 15.30 horas e ata as 16.30.



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

8. Circunstancias excepcionais

No caso de que as condicións climatolóxicas non permitan a organización dos desfiles, a entidade organizadora reserva os seguintes supostos:

- Enterriño da sardiña:
- Anulación definitiva do desfile
- Traslado do desfile ao venres 24 de febreiro de 2023 ás 17.00 horas
- Enterro do Paxaro:
- Anulación definitiva do desfile
- Traslado do desfile ao domingo 05 de marzo de 2023 ás 17.00 horas

A decisión estará tomada por unha comisión de entroido, composta por un/unha representante do Concello e representantes de colectivos que participan no Entroido de Bueu e asistiron ás reunións previas de dita comisión.

9. Publicidade

As bases publicaranse no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Bueu, no BOP a efectos da publicación da convocatoria na Base de Datos do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones, e na páxina web do Concello de Bueu (www.concellodebueu.gal).

10 Réxime xurídico aplicable

Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. , Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia , no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (RSG) e na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do comisión de valoración, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

ANEXO I

SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO DE BUEU

MODALIDADE NA QUE PARTICIPA

Enterro do Paxaro

- ! Agrupación de Bueu para o Enterrío da Sardiña
- ! Comparsa de Bueu
- ! Agrupación de máis de 15 compoñentes
- ! Agrupación de entre 3 e 15 compoñentes
- ! Parella
- ! Individual

DATOS DA COMPARSA OU AGRUPACIÓN

Nome: _____

Número de componentes: _____

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Enderezo: _____

C.P. : _____ Localidade: _____



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos: _____
NIF: _____
Teléfono: _____
Relación coa entidade: _____
e-mail: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

! Fotocopia compulsada do NIF do representante

Bueu, ____ de _____ de 2023

Asdo.

CONSTITUCIÓN DA COMPARSA OU ASOCIACIÓN

O representante DECLARA:

Que con data _____ procedeuse a inscribir a COMPARSA
,PARELLA OU AGRUPACIÓN PARA O ENTROIDO DE BUEU DE 2023, composta
dos seguintes membros:

	Nome e apelidos	DNI
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XKEY35DU0Z2DIZ5P



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		
19		
20		
21		
22		
23		
24		
25		
26		
27		
28		
29		
30		
31		
32		
33		
34		
35		
36		
37		
38		

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XKEY35DU0Z2DJZ5P



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

39		
40		
41		
42		
43		
44		
45		
46		
47		
48		
49		
50		
51		
52		
53		
54		
55		
56		
57		
58		
59		
60		
61		
62		
63		
64		
65		
66		
67		

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XKEY35DU0Z2DJZ5P



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

68		
69		
70		
71		
72		
73		
74		
75		
76		
77		
78		
79		
80		
81		
82		
83		
84		
85		
86		
87		
88		
89		
90		
91		
92		
93		
94		
95		
96		

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XKEY35DU0Z2DIZ5P



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

97		
98		
99		
100		
101		
102		
103		
104		

Declara,

- Que nesta data nomeouse a Don/Dona _____
como representante desta COMPARSA, AGRUPACIÓN OU PARELLA para as relacións co Concello de Bueu.
- Que esta comisión organizadora solicita a súa participación nas actividades relacionadas co Entroido de Bueu 2023.
- Que esta Comparsa, Agrupación, Parella ou participante individual se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras dos premios.
- Que segundo dispón o artigo 11 da Lei xeral de subvencións todos os membros asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada.
- Así mesmo, todas as persoas abaixo asinantes declaran:
 - 1) atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Bueu.
 - 2) Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - 3) Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.

Bueu, _____ de _____ 2023

Asdo.: _____

